

# CIRCULAR 277

INFORMATIVA DO  
COLEXIO OFICIAL DE  
PSICOLOXÍA DE GALICIA

MAIO 2019

## XUNTA DE GOBERNO



**Mª Rosa Álvarez Prada**

Decana



**Hipólito Puente Carracedo**

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Coordinador coa Sección de Psicología Educativa / TIC e Administración Electrónica



**Ana Isabel Martínez Arranz**

Secretaria / Coordinadora do GIPCE



**Sandra Fernández Rodríguez**

Vicesecretaria / Formación, Emprego e Desenvolvemento Profesional / Coordinadora coa Comisión de Psicología do Deporte



**Miguel Ángel Chouza Ponte**

Tesoureiro / Servizos Colexiais



**Mª del Carmen González Pais**

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



**Fátima López Rodríguez**

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero



**Eva Muíño Gómez**

Vogal / Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade / Coordinadora coa Sección de PTO



**José Manuel Oreiro Blanco**

Vogal / Publicacións / Coordinador coa Sección de Psicología da Intervención Social



**Marina Ortega Otero**

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicología Xurídica



**Socorro Rodríguez Holguín**

Vogal / Relacións Académico-Profesionais



**Mª Concepción Rodríguez Pérez**

Vogal / Práctica privada / Coordinadora da Comisión de Cultura e Sociedade



**Víctor Manuel Torrado Oubiña**

Vogal / Coordinador da Comisión para a Defensa da Profesión e a Prevención do Intrusismo / Coordinador coa Sección de Psicología e Saúde

### PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a nº 278 e sairá a principios do mes de xullo de 2019.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de xuño de 2019.

|    |                                          |
|----|------------------------------------------|
| 5  | <b>Información Xeral</b>                 |
| 18 | <b>Información das Seccións</b>          |
| 20 | <b>GIPCE</b>                             |
| 21 | <b>Grupo de Tráfico e da Seguridade</b>  |
| 24 | <b>Comisión de Ética e Deontoloxía</b>   |
| 24 | <b>O Código Deontolóxico</b>             |
| 25 | <b>Comisión Intersectorial de Xénero</b> |
| 25 | <b>Comisión de Cultura</b>               |

## Editorial

---

### As mortes silenciadas

É o único horizonte que compartimos todos os seres humanos e, aínda así, cústanos mirar cara a el, evitámolo e ignorámolo. Pero a morte forma parte da propia vida e unha atención á morte implica unha mellor calidade de vida, aínda que poida resultar paradoxal nun inicio. En relación coa morte, a nosa sociedade mantén asuntos pendentes por omisión, por ser mortes indesexables, por relegalas ao privado e por colidir con esa idea de que a morte é unha condición natural que pecha un ciclo vital na vellez.

Moito se ten debatido sobre a eutanasia nos últimos tempos, tras a exposición de varios casos mediáticos que saíron á luz para denunciar a falta de regulación desta cuestión que pretende por fin á vida propia ata onde lle resulte tolerable na súa existencia. A defensa irracional da vida que se fixo e se continúa a facer en certos ámbitos da nosa sociedade aséntase en bases xudeocristiás e ocasiona un gran sufrimento engadido a quen xa se atopa nunha situación de altísimo padecemento.

É tempo de poñermos na axenda política de maneira seria, de xeito explícito e sen prexuízos morais nin relixiosos, a cuestión da eutanasia sobre a que hai un consenso, estímase, do 80% da cidadanía a favor da súa regulación. A vida é propia de cada individuo e a morte, como parte desa vida, ten que ter garantida a mesma dignidade que o resto das etapas vitais da persoa. Falamos de liberdades individuais, de dereitos que non obrigan a

ninguén, senón que ofrecen unha posibilidade máis que a moral non pode impedir.

Porque xa é sufrimento dabondo o de padecer unha enfermidade dexenerativa ou terminal, sen a angustia engadida de prever a condena a un sufrimento insoportable futuro no que non hai máis saída ao padecemento que a morte por circunstancias naturais, sen outra abordaxe sanitaria que a de ofrecer coidados paliativos (imprescindibles, por outra banda). O suicidio «preventivo», na clandestinidade e adiantado antes de que os efectos da patoloxía impidan levar a cabo esa morte desexada, ou requirir de cooperación para asistir ao suicidio, sabendo que ese ser querido se enfrontará a penas de cárcere ademais do impacto psicolóxico desa vivencia, son indicadores máis que suficientes da necesidade de despenalizar a eutanasia e de regulala con todas as garantías e cautelas que cumbran.

Unha atención específica deberíamos prestala a outra morte ignorada que urxe ser atendida e que permanece invisible malia a súa frecuencia: a morte perinatal. Mentres se fan pretenciosos alegatos ao dereito á vida, óbvase que máis dun 25% dos embarazos culminarán nun aborto espontáneo ou en morte fetal, unha perda que implica un sufrimento grande para o que, inexplicablemente, non se conta con apoio psicolóxico nun transe así na rede pública.

A perda dun bebé durante o embarazo, o parto ou ao pouco tempo de nacer é unha circunstancia vital que crea un sentimento de dor e de culpa que pode desencadear un dó complicado. En cambio, tanto polas experiencias próximas como polas que se coñecen nos medios de comunicación a modo de denuncia, o que se traslada é un sistema sanitario inhumano, con prácticas cruentas como compartir o cuarto na hospitalización tras un parto dun feto morto, por exemplo, con quen acaba de dar a luz o seu bebé.

Unha atención psicolóxica á morte, como parte da vida, é fundamental, e a súa garantía na rede pública situaríanos como unha sociedade xusta e avanzada. Son dous exemplos que urxen ser atendidos, porque ambos os dous casos seguen marcados polo estigma social e polo tabú, o que engade sufrimento a quen sofre, un padecemento innecesario a quen xa está a vivir unha dor intensa.

## Relacións institucionais

---

A decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, mantivo unha xuntanza co director xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, Santiago Villanueva Álvarez, para abordar liñas de colaboración na selección de candidatos aos corpos e forzas da seguridade do estado, que se celebrou na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) situada na Estrada (Pontevedra), o día 9 de abril.

---



M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada

A secretaria do COPG, Ana I. Martínez Arranz, mantivo unha xuntanza co Subdirector Xeral de Planificación e Protección Civil da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, José Antonio Grandás Arias. Nesta xuntanza do 6 de marzo, abordáronse as liñas técnicas do convenio de colaboración para 2019 entre ambas as dúas institucións en materia de protección civil.

---



Ana Isabel Martínez Arranz

## En representación do Colexio

---

A decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu:

- Ao foro provincial de Compartimos Plan da Deputación da Coruña, o día 21 de marzo na Coruña.
- Á Asemblea Xeral Extraordinaria de Unión Profesional de Galicia, que se celebrou o día 26 de marzo en Santiago de Compostela, así como á Asemblea Xeral Ordinaria do día 10 de abril.
- Á homenaxe co gallo da xubilación de Miguel Á. Cadenas Sobreira, presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na Coruña o día 5 de abril.
- Á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, tivo lugar en Santiago de Compostela o día 8 de abril.

■ Á xuntanza de constitución do Comité Asesor do Protecting Victims'Rights (PRO.VI), para a protección dos dereitos ás vítimas de delito nos países socios, na Coruña o 25 de abril, xunto co vogal da Xunta de Goberno José Manuel Oreiro Blanco.

---

M<sup>a</sup> Begoña Castro Iglesias, tesoureira da Sección de Psicoloxía Educativa e membro da Comisión Intersectorial de Xénero:

■ Impartiu un coloquio sobre o ciclo da violencia de xénero, organizado pola Asociación Nacional de Estudiantes Galegas (ANEGA), o día 27 de febreiro en Santiago de Compostela.

■ Acudiu á segunda edición da Feira das Profesións de Ames o 28 de marzo, unha actividade orientada ao alumnado e as súas familias para que coñezan as saídas académicas e profesionais ás que poderán optar no futuro. O obxectivo é acceder a unha información actualizada e fiable da man dos diferentes profesionais en activo que acudiron á actividade.

■ Asistiu, en calidade de representante do COPG no Observatorio Galego da Violencia de Xénero, á reunión do subgrupo técnico de traballo «Abordaxe da violencia de xénero coa mocidade dentro do ámbito educativo», o 29 de abril en Santiago de Compostela.

---

A representante do COPG na Comisión Galega de Control da Violencia da Xunta de Galicia, M<sup>a</sup> Dolores González Fernández, acudiu á xuntanza desta comisión, que se celebrou o 15 de marzo en Santiago de Compostela.

---

A representante do COPG no Consello Galego de Benestar Social, M<sup>a</sup> Leonor Galiana Caballero, asistiu á xuntanza do pleno deste consello, o 20 de marzo en Santiago de Compostela.

---

A secretaria da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M<sup>a</sup> Celeste Porto Gómez, participou no encontro con motivo do Día Mundial do Traballo Social, que se celebrou o 22 de marzo en Santiago de Compostela.

---



M<sup>a</sup> Begoña Castro Iglesias



M<sup>a</sup> Dolores González Fdez.



M<sup>a</sup> Leonor Galiana Caballero



M<sup>a</sup> Celeste Porto Gómez



Carlos Montes Piñeiro

O presidente da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións, Carlos Montes Piñeiro, acudiu a unha xuntanza con Adela Quinzá-Torroja, directora do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), para impulsar a prevención e promoción da seguridade e saúde no traballo desde a psicología, o día 26 de marzo.

Por outra parte, tamén asistiu con Paloma Muñoz Díaz-Castro-verde, vogal da Xunta Directiva da sección, a unha xuntanza con Francisco Javier González, xefe de sección do servizo de persoal e réxime interior do Parlamento de Galicia, para abordar liñas de colaboración nas convocatorias públicas de emprego que se levarán a cabo no 2019, o día 27 de marzo.

---



Mª Jesús López Cernadas

Mª Jesús López Cernadas, presidenta da Sección de Psicología da Intervención Social:

■ Acudiu á xuntanza xeral da Mesa sen Teito do Concello de Santiago de Compostela, que se celebrou o día 28 de marzo.

■ Tamén acudiu, xunto con representantes do Colexio de Educadores e Educadoras de Galicia e do Colexio de Traballo Social de Galicia, á xuntanza sobre o plan galego de atención ás persoas sen fogar, que se celebrou en Santiago de Compostela o día 2 de maio.

---

A representante do COPG no Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela, Rocío García Calvo, acudiu á xuntanza ordinaria deste consello, que se celebrou o 23 de abril en Santiago de Compostela.

---

As colexiadas Áurea Losada Quinteiros e María Pienso Linares, impartiron o día 30 de abril un coloquio ao alumnado do grao de Educación Social da Universidade da Coruña, para abordar os obxectivos dos programas de atención psicolóxica Abramós o Círculo e o de Mulleres que sofren Violencia de Xénero (PAPMVX).

---

## O COPG e o Consejo General de la Psicología

---

A decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada:

- Asistiu ao encontro interprofesional de análise do Sistema de Servizos Sociais, organizado polo Consejo General de la Psicología xunto co Consejo de Educadores/as Sociales, que se celebrou en Madrid o día 26 de abril.
  - Acudiu á reunión da Xunta de Goberno do Consejo General de la Psicología, así como á reunión transversal convocada pola Área de Psicología e Igualdad de Género, convocadas o día 27 de abril en Madrid.
- 

O colexiado Xavier Sardiña Agra acudiu á reunión da División de Psicología Clínica y de la Salud, celebrada os días 29 e 30 de marzo en Madrid.

---

Eva Muíño Gómez, coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, asistiu á reunión da Área de Psicología del Tráfico y Seguridad, que tivo lugar en Madrid o 23 de febreiro.

---

## O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia renova o convenio de colaboración en materia de protección civil

---

A decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, e o vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, renovaron a sinatura do convenio de colaboración para 2019 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o COPG en materia de protección civil, para dar unha resposta psicolóxica



O vicepresidente da Xunta de Galicia e a decana do COPG



en emerxencias e catástrofes. O acto tivo lugar na Estrada (Pontevedra) o día 11 de marzo no Centro Integrado de Atención ás Emerxencias CIAE 112 Galicia.

---

## **Cambios nas coordinacións do GIPCE e do PAPMVX**

---

A Xunta de Goberno, na súa reunión do 12 de marzo, acordou a designación da colexiada M<sup>a</sup> Luz Losada Somoza como coordinadora do programa de atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX).

Así mesmo, na súa xuntanza do 23 de abril, acordou a designación da colexiada Ana M<sup>a</sup> Núñez Rubines como coordinadora do GIPCE.

A Xunta de Goberno do COPG manifesta o seu agradecemento e parabéns polo labor que desenvolveron ao longo destes últimos anos a Fátima López Rodríguez, coa coordinación do PAPMVX, e a Ana Isabel Martínez Arranz, coa coordinación do GIPCE.

---

## **O Colexio de Psicoloxía de Galicia lamenta a súa ausencia na planificación da Atención Primaria por parte da Consellería de Sanidade**

---

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia considera inadmisíble o feito de non ter podido participar no deseño do Plan para a Atención Primaria que presentou a Consellería de Sanidade e no que solicitáramos expresamente colaborar. Trátase dun exemplo máis de como se está a desprezar a atención á saúde mental na rede pública, ignorando as recomendacións da OMS e as cifras

de prevalencia de trastornos tan elevadas como a depresión ou a ansiedade na nosa Comunidade.

O Plan presentado foi rexeitado por unanimidade, o que levou a que a Xunta de Galicia crease o Consello Asesor Técnico de Atención Primaria, no que participan varios colexios profesionais, asociacións, sindicatos e outros colectivos, pero no que, novamente, se ignorou a saúde mental ao non incluír o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, motivo polo cal se presentou unha alegación contra a devandita orde que creaba o Consello reclamando a presenza do COPG. Con independencia das persoas e organizacións que formen parte do panel do comité técnico de expertos que traballen na definición estratéxica do novo modelo da AP, desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia sabemos que é imprescindible que entre os membros do Consello Asesor estea tamén a nosa corporación de dereito público, que representa a máis de 3.000 psicólogos e psicólogas na nosa Comunidade. De non ser así estarase a ignorar completamente a compoñente científica e profesional dun deses tres alicerces no enfoque bio-PSICO-social que debe rexer a atención á saúde das persoas: o psicolóxico.

Por iso, presentamos unha alegación para que se inclúa ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na composición do Consello Asesor Técnico de Atención Primaria.

-----

## IV Congreso Nacional de Psicología

-----

Do 21 ao 24 de xullo de 2019 terá lugar na cidade Vitoria-Gasteiz o *IV Congreso Nacional de Psicoloxía*, que organiza o Consejo General de la Psicología xunto coa Fundación Española para a promoción e o Desenvolvemento Científico e Profesional da Psicoloxía (Psicofundación).

O lema deste congreso é «Nada do psicolóxico nos é alleo», e o seu obxectivo fundamental é potenciar a psicoloxía tratando, como noutras ocasións, de impulsar unha vinculación cada vez maior entre o eidos profesional e científico, creando lazos que permitan xerar a transversalidade de coñecemento entre ambos



os dous, pois ciencia e profesión son dúas caras dunha mesma moeda.

Toda a información sobre o programa e inscrición podes encontrala dispoñible na seguinte páxina web: <http://www.cnp2019.es>

---

## Convenios para a atención psicolóxica en materia de violencia de xénero

---



Sinatura dos convenios para atención psicolóxica en materia de violencia de xénero

A decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, e o vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, asinaron o día 8 de abril dous convenios para a atención psicolóxica en materia de violencia de xénero. No acto tamén participou a Secretaria Xeral de Igualdade, Susana López Abella.

Mediante un dos convenios permítese o desenvolvemento de dous programas que ofrecen recursos terapéuticos a esta problemática que tan presente está na nosa sociedade: Abramos o Círculo, destinado a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella e coa súa familia, e desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade; e o Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, orientado ás mulleres, menores e outras persoas dependentes.

Na mesma liña de atención psicolóxica no ámbito da violencia de xénero, tamén tivo lugar a sinatura do convenio para a posta en marcha dun servizo nos xulgados de quenda de garda psicolóxica, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero. A atención terá carácter inmediato para as posibles situacións de urxencia, que se vén prestando a requirimento das forzas e corpos de seguridade, naqueles casos nos que se cumpran os criterios para a activación deste servizo, as 24 horas do día, os 365 días do ano en todos os partidos xudiciais galegos.

A decana resaltou como novidade a inclusión como potenciais beneficiarias por primeira vez ás vítimas da violencia vicaria, isto é, aquelas mulleres que padezan o asasinato dos seus fillos/as a

mans do maltratador. Tamén fixo especial fincapé na prevención desde as idades máis temperás como ferramenta real para a erradicación da violencia de xénero.

---

## Declaración Institucional do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia con motivo do Día Internacional da Muller

---

O 8 de marzo, con motivo do Día Internacional da Muller, desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundimos unha declaración institucional na que reivindicamos o compromiso para desterrar a histórica desigualdade de xénero entre homes e mulleres que, malia os avances conseguidos, continúa a ser patente. Unha desigualdade que ten a súa manifestación máis extrema na violencia e nos asasinatos contra as mulleres, que desde esta corporación condenamos, á vez que trasladamos a nosa solidariedade e afecto a todas as vítimas que padecen esta lacra e as súas persoas achegadas.

---

## Servizo de Psicoloxía Clínica no Sergas

---

O día 4 de abril tivo lugar na sede colexial a presentación da solicitude de creación de Servizos de Psicoloxía Clínica no Servizo Galego de Saúde, que realizou a Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS (APCS). O acto foi organizado pola APCS e contou coa intervención da decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, a decana da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, M<sup>a</sup> Lourdes Mirón Redondo, e a presidenta da Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS, Yolanda Castro Casanova. Nesta xornada analizáronse ademais as necesidades de apoio psicolóxico na Atención Primaria ou a escasa presenza dos profesionais da psicoloxía na atención especializada dentro do Servizo Público de Saúde.

---



De esquerda a dereita: Rosa Álvarez, Yolanda Castro e Lourdes Mirón

## Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas

---



Asemblea de Colexiados e Colexiadas do COPG

O 28 de marzo tivo lugar na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a sesión ordinaria da Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG. Nela aprobáronse a Conta de Resultados e o Balance de Situación a 31 de decembro de 2018, así como a Memoria de Actividades do Colexio en 2018. Tamén se nomeou a Carlos Álvarez García como presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía.

---

## Alegacións realizadas polo COPG

---

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou unha suxestión diante da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia contra o Proxecto de Orde pola que se crea e se regula a composición, funcionamento e organización do Consello Técnico de Atención Primaria.

---

## 1 de Maio, Día Mundial da Saúde Mental Materna

---

Dentro da atención á saúde mental, a saúde mental das mulleres non ten recibido unha axeitada atención, debido aos sesgos de xénero e a unha visión androcéntrica da medicina e a psicoloxía, na que o perfil normativo sobre o cal se realizan os estudos é o masculino.

Desde o ano 2016, diversas asociacións de varios países veñen reclamando e celebrando o Día Mundial da Saúde Mental Materna no primeiro mércores de maio. Un día que é necesario para:

- Aumentar a sensibilidade social cara á enfermidade mental no período perinatal.

- Para chamar a atención sobre a necesidade de formación axeitada por parte do persoal sanitario do campo perinatal.
- Para promover a mellora da detección e tratamento.
- Para rachar coa estigma social da enfermidade mental materna.
- Para influír nas políticas dos gobernos.

O Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia únese a estas reivindicacións e anima a todas as persoas que formamos parte do noso Colexio a adherirse; porque a saúde mental materna importa, porque coidando a saúde das nais coidamos a saúde das crianzas e da sociedade.

Tes o texto completo do comunicado en [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal)

---

## Campaña Institucional do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a Defensa da Profesión e a Prevención do Intrusismo

---

Neste mes de maio o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comeza coa súa primeira campaña publicitaria institucional. Trátase dun investimento importante e é o resultado dun ano de traballo promovido pola Comisión para a Defensa da Profesión e a Prevención do Intrusismo, no que se tenta reivindicar a profesión, superar as posibles resistencias que aínda existan



## AVISO

---

Segundo a normativa vixente, as cotas colexiais son gastos deducibles cando a colexiación teña carácter obrigatorio para o desempeño do traballo, como no caso da Psicoloxía, na parte que corresponda ata os fins esenciais destas institucións, e co límite de 500 € anuais.

As cantidades contribuídas a estes fins deberán introducirse na cela 15 da declaración como parte do apartado «rendementos do traballo».

Lembra que podes solicitar na administración do Colexio o teu certificado de abono das cotas colexiais do ano 2018 para a realización da túa declaración da renda.

A emisión do certificado é manual, polo que tardará uns días en tramitarse unha vez recibida a solicitude.

na sociedade e combater o intrusismo de pseudoterapias que carecen de garantía científica ningunha.

Tratouse de recoller o común denominador da profesión como un recurso para o benestar e a saúde da persoa informando, desmitificando, normalizando e aproximando a psicoloxía.

Porque falar dos nosos problemas non é tabú, é a vida.

A campaña está a ser difundida na Televisión de Galicia, a través de vídeo online e en redes sociais (Facebook, Youtube e Instagram). Deste modo preténdese chegar a unha diversidade de público amplo.

Animámoste a que empregues o material que producimos para a campaña, tanto os vídeos como as imaxes, nas túas redes sociais (co hashtag #falamos) ou na túa web para incrementar a súa difusión.

Ademais, dispoñemos de carteis da campaña impresos na nosa sede, así que podes recollelos para que os coloques no teu centro de traballo.

Enlace á campaña: <https://copgalicia.gal/falamos>

---

## Medios de comunicación

---

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio:

<http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa>

<http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

 **Facebook:** <https://www.facebook.com/copgalicia>

 **Twitter:** [@copgalicia](https://twitter.com/copgalicia)

 **LinkedIn:** <https://www.linkedin.com/company/copgalicia>

 **Instagram:** <https://www.instagram.com/copgalicia/>



**2009**

**Joel Gómez, Xornalista**  
Pola súa contribución á sensibilización social coa divulgación da psicoloxía a través dos medios de comunicación desde hai moitos anos, pola súa dedicación e a súa entrega.



**2010**

**Juan Carlos Varela García**  
*Fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia*  
Por ter contribuído desde a súa profesión a avanzar cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria a través das iniciativas que promove e polo seu enfoque da intervención en problemáticas de carácter social.



**2011**

**Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica**  
Pola súa valiosas achegas ao coidado e á recuperación da memoria histórica, un acto de xustiza fundamental para dignificar as persoas e os pobos.



**2012**

**Gemma Nierga**  
*Xornalista*  
Polo compromiso e a sensibilidade demostrados no seu traballo contribuíndo á visibilización e á desestigmatización da enfermidade mental ou de persoas na prisión.



**2014**

**Veciñanza do barrio de Angrois**  
Polo seu comportamento xeneroso, exemplar e altruísta que axudou a salvar vidas no tráxico accidente do tren Alvia acontecido en Santiago de Compostela a noite do 24 de xullo de 2013.



**2015**

**Eduard Punset**  
*Divulgador científico*  
Polo seu labor achegando profesionais e estudos internacionais sobre o comportamento humano, a neuropsicoloxía e as emocións, para comprender mellor o desenvolvemento da persoa.



**2016**

**Rede Galega de Loita contra a Pobreza**  
Polo seu traballo por colectivos en situación de vulnerabilidade e dar voz a persoas que sofren con virulencia as consecuencias da exclusión e que non atopan outra posibilidade de representación.



**2017**

**Fundación Andrea**  
Pola importante labor que veñen desenvolvendo pola infancia en Galicia, apoiando ás familias de nenos e nenas que padecen enfermidades longas ou crónicas.





## 2013

**José Luis  
Sampedro Sáez**

*Escritor*

Pola súa sensibilidade, o seu compromiso social, as súas reivindicacións, a súa coherencia e actitude persoal, e polas súas palabras cun enorme poder de visualización e defensa da dignidade humana.



## 2018

**Amelia Valcárcel  
Bernaldo de Quirós**

Polo seu papel como «mestra» da teoría política feminista na nosa sociedade, sen perder de vista outras realidades moito máis duras no planeta. Ademais das súas contribucións como docente e filósofa a unha defensa da ética profesional e do compromiso social a través do seu exercicio.



## 2019

**Ángel Carracedo Álvarez**

Polo seu papel como investigador e divulgador no ámbito da neuropsicoloxía, o que o sitúa como un referente internacional, pola súa aproximación humanizada á ciencia e a súa significativa vocación de servizo á comunidade.

# ACHEGAS DA PSICOLOXÍA

No Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creamos en 2009 o acto *Achegas da Psicoloxía*, un encontro anual para todas as persoas colexiadas no que realizamos a entrega do noso galardón máis importante: o *Premio Dolores Llópiz Psicoloxía e Sociedade*.

Este galardón leva o nome da nosa compañeira Dolores Llópiz Pereiro, para recoñecer a súa implicación e xenerosidade co Colexio, co que participou activamente durante máis de dez anos, sendo membro da Xunta Rectora desde 1987 ata 1992 e pertencendo á Comisión Deontolóxica desde 1993 ata finais de 1997.

O premio creouse para distinguir a persoa, a institución ou a asociación pola súa contribución ao desenvolvemento da psicoloxía en calquera dos seus eidos. Este ano 2019 recae en Ángel Carracedo Álvarez, polo seu papel como investigador e divulgador no ámbito da neuropsicoloxía, o que o sitúa como un referente internacional, pola súa aproximación humanizada á ciencia e a súa significativa vocación de servizo á comunidade.

Neste acto faremos entrega da distinción de Colexiado de Honra do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a Miguel Pérez Pereira, G-0005, co que se pretende enxalzar a dedicación e significar as achegas ao desenvolvemento do nosa profesión.

No Achegas tamén significaremos aos colexiados e colexiadas que celebran 25 anos de vida colexial.

*Achegas da Psicoloxía* celebrarase o venres 7 de xuño no Centro Abanca – Obra Social (Praza de Cervantes) en Santiago de Compostela e a asistencia é gratuíta, previa inscrición en [copgalicia.gal](http://copgalicia.gal)

## INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG, tendo como data límite o 15 de cada mes par.

### SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

#### Asemblea anual de socios e socias


O sábado 23 de marzo celebrouse a sesión ordinaria da Asemblea de Socias e Socios da Sección. Entre outros asuntos, detalláronse pormenorizadamente as actividades desenvolvidas ao longo do pasado ano, presentáronse o informe de tesourería do ano 2018 e a proxección de gasto para o 2019, fíxose o seguimento e aprobouse a reordenación dos grupos internos de traballo, e programouse a formación para o presente exercicio.

#### Sesión Interactiva na USC: O perfil profesional da Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

Un ano máis, conxuntamente coa Facultade de Psicoloxía da USC, a Sección organizou unha sesión interactiva co estudiantado de terceiro curso do Grao co obxectivo de presentar os diferentes ámbitos de intervención da Psicoloxía do Traballo e das Organizacións e compartir experiencias que lles permitan afondar no coñecemento da profesión. A xornada tivo lugar o 11 de abril no salón de actos da Facultade baixo o título de «*O perfil profesional da Psicoloxía do Traballo e das Organizacións*» e foi coordinada por Carlos Montes Piñeiro, presidente da Sección. Sandra Iglesias Rodríguez, vogal da Sección e experta en formación e orientación de mozas e mozos menores de 30 anos, abriu a xornada describindo as diferentes áreas de intervención da disciplina, as funcións principais que se desenvolven e os itinerarios formativos requiridos para capacitarse axeitadamente en cada unha delas. A segunda intervención correu a cargo de Rosa Pérez Costas, socia consultora de Wanted Selección, que centrou o seu relatorio na importancia do perfil profesional das psicólogas e psicólogos no ámbito dos recursos humanos e, especialmente, na atracción e selección do talento. O coloquio posterior estivo focalizado nas competencias profesionais máis demandadas no mercado de traballo e o valor diferencial que contribúe a psicoloxía ás organizacións actuais.



Asemblea de Socias e Socios da Sección PTO



## Emocións e traballo: achegas desde a División PTORH

O grupo de traballo «*Xestión das emocións en contornos organizacionais*», promovido pola da División de PTORH, vén de publicar en INFOCOP unha nova achega sobre o valor estratéxico das emocións no comportamento organizacional. Esta nova contribución, liderada por Antonio Fuertes Saavedra, vogal da Sección de PTO, aprofunda nas principais causas da experiencia emocional no traballo. O contido completo do artigo pode consultarse no seguinte enlace: [http://www.infocop.es/view\\_article.asp?id=7952](http://www.infocop.es/view_article.asp?id=7952). Se traballas no ámbito da Psicoloxía do Traballo, das Organizacións ou dos RR.HH. e desexas afiliarte á Sección de PTO, podes facelo empregando o formulario que atoparás na páxina web do Colexio, ou contactando directamente co Departamento de Administración do COPG.

---

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/traballo-e-das-organizacions>

## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E EDUCATIVA

---



Xornada formativa  
«Aproximación á violencia filio-parental: Prevención e intervención en situacións de conflito familiar»

O 3 de abril celebrouse no Salón de Actos do COPG a xornada formativa «*Aproximación á violencia filio-parental: Prevención e intervención en situacións de conflito familiar*», organizada pola Sección de Psicoloxía Educativa e impartida por Aroa González Álvarez e Raquel Gallego González, ambas as dúas psicólogas da Fundación Amigó.

A devandita xornada foi coordinada por Nuria Lago Fernández, vogal da Sección de Educativa, e nela as relatoras ofreceron unha formación teórico-práctica co fin de facilitar ás persoas asistentes a adquisición de estratexias eficaces para a prevención e intervención nesta problemática.

O nivel de asistencia e participación foi moi elevado, polo que a xornada pode considerarse un éxito.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía Educativa da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/educativa>

## Formación interna

Os días 31 de maio e 1 de xuño terá lugar o curso «*Terapia de compaixón e regulación emocional. Módulo I*», impartida por Gonzalo Brito, experto instrutor de programas baseados en mindfulness e compaixón. Con esta formación téntase ampliar as ferramentas e técnicas de intervención psicolóxica, achegando novas perspectivas que nos permitan abordar a intervención en emerxencias desde unha visión máis ampla, pero tamén tendo en conta a perspectiva de autocoidado, esencial para unha intervención de calidade.

**GRUPO DE  
INTERVENCIÓN  
PSICOLÓXICA EN  
CATÁSTROFES E  
EMERXENCIAS  
(GIPCE)**

## Formación Externa

Os días 27 e 28 de maio celebrárase na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) un novo curso destinado a membros de Protección Civil: «*Apoio psicolóxico básico e manexo do estrés en situacións de crise, catástrofe e emerxencia*». Esta formación, que será impartida por Elena González Cid, terá unha duración de 16 horas, a través das cales se pretende dotar das ferramentas básicas para un mellor afrontamento das tarefas máis complexas do seu traballo.

Tamén na AGASP se vai a impartir formación dirixida a novos policía locais entre o 24 de abril e o 10 de xullo. Esta formación componse de 20 horas en total, que serán impartidas pola nosa compañeira Raquel Malvárez García.

O 4 de maio a nosa compañeira M<sup>a</sup> Luz Losada Somoza impartiu un módulo da formación dirixida ás e aos profesionais da Quenda de Garda para a atención psicolóxica especializada e permanente para mulleres e fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero en Galicia.

Dentro do Máster Oficial de Psicología Sanitaria que oferta a USC, as integrantes do GIPCE Ana Nuñez Rubines e M<sup>a</sup> Carmen González Hermo impartiron dous seminarios: «*Intervención e xestión nunha gran emerxencia*» e «*Grupo de intervención psicolóxica en catástrofes e emerxencias*», nos que se trataron temas como as grandes intervencións e as intervencións psicolóxicas avanzadas.



M<sup>a</sup> Luz Losada Somoza

## Informacións

Tal e como vos adiantamos na Circular Informativa anterior, o 20 de marzo celebrouse un simulacro no Aeroporto de Lavacolla, de Santiago de Compostela, no que participaron 13 GIPCEs. Na posterior valoración realizada o 29 do mesmo mes, desde AENA considerouse a nosa intervención moi positivamente.

Ligazón ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>



Membros do GIPCE participantes no simulacro

## GRUPO DE TRÁFICO E DA SEGURIDADE

### IV Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade

Os días 8 e 9 de novembro está previsto celebrar as IV Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade na aula 7 da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, así como unha feira da Psicoloxía do Tráfico na que teremos expostos, entre outros, os primeiros instrumentos empregados en 1986 para a validación das actuais probas que se están empregando actualmente nos Centros de Recoñecemento.



II Curso de Cans Potencialmente Perigosos:  
protocolo de avaliación

## Formación

O sábado 27 abril desenvolveuse o «*II Curso de cans potencialmente perigosos: protocolo de avaliación*». Ademais de abordar o protocolo de avaliación, tamén se tratou o tema de familias multiespecie para analizar máis polo miúdo os riscos nas relacións domésticas con animais de compañía, tendo en conta que se producen máis incidentes neste contexto que baixo a premisa da versión xenética das agresións caninas. A sesión foi impartida polos psicólogos Alejandro Gonzalez Piñeiro e Roberto Estévez Rodríguez.

## Grupos de traballo

O subgrupo de Amaxofobia elaborou un protocolo de intervención e presentou unha proposta de tríptico para someter a revisión de todo o Grupo. Así mesmo, tamén se vai presentar un póster sobre este protocolo de intervención no IV Congreso Nacional de Psicoloxía que terá lugar no mes de xullo en Vitoria-Gasteiz.

## AMAXOFOBIA

¿Medo a conducir?

PODEMOS AXUDARTE

Somos profesionais da Psicoloxía



### **Programas: Psicovial e Xornadas de Concienciación**

O día 13 de abril rematou o primeiro grupo de Xornadas de Concienciación deste 2019 en Ferrol. En xuño dará comezo un novo grupo en Santiago de Compostela, para despois continuar á volta do verán co mesmo grupo en formato Psicovial.

### **Regulamento Interno do Grupo de Tráfico e da Seguridade**

Convidamos os colexiados e colexiadas con interese en formar parte do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG a que formalicen o seu acceso. Só cómpre asinar certos compromisos vinculados ao Regulamento Interno do Grupo (Anexo III), ao que se pode acceder a través do seguinte enlace

[https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/regulamento\\_grupo\\_trafico\\_seguridade.pdf](https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/regulamento_grupo_trafico_seguridade.pdf)

### **División de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade**

O 23 de febreiro celebrouse en Madrid unha reunión da Área Psicoloxía do Tráfico e Seguridade do Consejo General de la Psicología. Nela a Xunta Directiva da recentemente creada División de Tráfico e da Seguridade informou das xestións realizadas pola mesma, recolléronse propostas e solicitouse a implicación e colaboración na dinamización da área en todas as Comunidades Autónomas.

Desde a División vanse presentar tres mesas sobre intervencións relativas á área de Tráfico e da Seguridade no IV Congreso Nacional de Psicoloxía. Nunha desas mesas incluírase un relatorio sobre a historia da intervención con penados por delitos de tráfico do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG.

Animamos as colexiadas e colexiados a participar dos proxectos da División, inscribíndose á mesma. O procedemento e requisitos para a inscrición atópanse no seguinte enlace da web do Consejo General de la Psicología: <https://www.cop.es/index.php?page=PSTYS-Formulario>

*Ligazón ao apartado do Grupo de Tráfico e da Seguridade da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/trafico-e-seguridade>*

## O servizo de consultas da Comisión de Ética e Deontoloxía (CED)

Como moitos de vós xa saberedes, a CED ten como funcións velar por un cumprimento ético e deontolóxico do noso traballo profesional, fomentar a formación en ditas áreas e, en definitiva, ser un grupo de referencia e de apoio ás boas prácticas.

Isto implica non soamente atender as queixas que calquera cidadán ou cidadá presente sobre a práctica profesional dun psicólogo ou psicóloga colexiada, senón tamén atender e apoiar as psicólogas e psicólogos ante calquera dúbida de carácter ético/deontolóxico coa que se atope no seu exercicio profesional.

Para iso, a CED ten habilitado un servizo de consultas onde os colexiados e colexiadas poden plantexar cuestións e dúbidas relativas a aspectos de tipo deontolóxico que xurdan no desenvolvemento do seu traballo, cando non se teña claro unha actuación correcta.

A CED abordará e estudará ditas consultas, o que supón uns prazos e tempos, polo que estas non poderán ser atendidas con carácter urgente.

COMISIÓN  
DE ÉTICA E  
DEONTOLOXÍA



### O CÓDIGO DEONTOLÓXICO

- Nos teus informes escritos sé prudente e cauto/a. Non empregues etiquetas devaluadoras.
- Os teus informes psicolóxicos deben ser claros, precisos, rigorosos e intelixibles para a persoa destinataria. Debes expresar o seu alcance e limitacións, o seu carácter actual ou temporal e as técnicas utilizadas.



## COMISIÓN INTERSECTORIAL DE XÉNERO



Entrega dos premios  
do concurso artístico  
«Pola Igualdade 2018»

### Concurso artístico «Pola Igualdade 2018»

O 12 de marzo fíxose entrega dos premios do concurso artístico «Pola Igualdade 2018», dirixido ao alumnado da ESO e que tiña por finalidade traballar a desigualdade existente entre mulleres e homes e promover a reflexión para lograr a igualdade neste ámbito.

O tema foi a promoción da igualdade entre as mulleres e os homes en calquera dos ámbitos da vida: social, laboral, doméstico etc. con técnica libre, tanto en formato fotografía como cartel. Despois da entrega dos premios, M<sup>a</sup> Begoña Castro Iglesias, membro da Comisión Intersectorial de Xénero, realizou un obradoiro para pór en valor a promoción da igualdade.

*Ligazón ao apartado da  
Comisión Intersectorial de  
Xénero da páxina web do  
COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/intersectorial-de-xenero>*

## COMISIÓN DE CULTURA

### XII Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia «Rosa de Cen Follas»



A Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia convoca a súa XII edición do Concurso Literario do COPG «Rosa de Cen Follas». O prazo de admisión de orixinais remata o vindeiro 31 de maio de 2019.

Máis información en:  
[https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/diptico\\_xii\\_concurso\\_literario\\_rosa\\_cen\\_follas\\_copg.pdf](https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/diptico_xii_concurso_literario_rosa_cen_follas_copg.pdf)

*Ligazón ao apartado da  
Comisión de Cultura da  
páxina web do COPG:  
<https://copgalicia.gal/grupos-comisions/cultura>*

# CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

## Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

*O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.*

*Pódense consultar os cursos, as xornadas e os congresos que non organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa na seguinte ligazón da páxina web do COPG:*

**[www.copgalicia.gal/actividades/externas](http://www.copgalicia.gal/actividades/externas)**



## XURÍDICA

**Dona Cecilia Barros Díaz**

Tfno.: 690 846 782

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico [a.xuridica@protexdat.com](mailto:a.xuridica@protexdat.com)



## FISCAL E LABORAL

**D. José Luis Iglesias Sexto**

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

**Colexio Oficial de  
Psicoloxía de Galicia**



Rúa da Espiñeira, 10 Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049  
Fax: 981 534 983  
[copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)  
[www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal)

**HORARIO**

**Inverno**

*Do 1 de outubro ao 31 de maio*  
De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h,  
e os venres de 9.00 a 15.00 h

**Verán**

*Do 1 ao 30 de xuño e do  
1 ao 30 de setembro*  
Luns, martes e mércores  
de 8.00 a 20.00 h.  
Xoves e venres de 8.00 a 15.00 h.  
*Do 1 de xullo ao 31 de agosto*  
De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

**Redes sociais**

**f Facebook:**  
[www.facebook.com/copgalicia](http://www.facebook.com/copgalicia)

**t Twitter:** @copgalicia

**in LinkedIn:** [www.linkedin.com/  
company/copgalicia](http://www.linkedin.com/company/copgalicia)

**Instagram:** [www.instagram.com/  
copgalicia/](http://www.instagram.com/copgalicia/)

**Membro da EFPA**

Federación Europea de  
Asociacións Profesionais  
de Psicológos



NON É  
TABÚ,  
É A  
VIDA

FALAMOS?

Pon a túa saúde só en mans de profesionais.



Colexio Oficial  
de Psicoloxía de Galicia